

NORMAS DE PARTICIPACIÓN NO ENTROIDO VIRTUAL RIANXEIRO 2021

INTRODUCCIÓN

O Entroido é unha celebración de tradición popular e de participación comunitaria, que no caso galego conta con elementos propios en cada lugar, coma o choqueiro ou o Toribiño en Rianxo. O seu carácter festeiro caracterízase pola exaltación grotesca da realidade, pola sátira aos poderes, ás personalidades e á actualidade, e polos excesos dialécticos e tamén gastronómicos, a base de larpeiradas típicas.

Este ano, coas restricións derivadas da COVID19, o Concello de Rianxo aposta pola realización dun Entroido Virtual, e anima á veciñanza a participar desde as súas casas, sen perder o espírito do Entroido.

Para fomentar a participación, o Concello de Rianxo realizará o tradicional sorteo de agasallos entre todas as persoas participantes. A participación no Entroido Virtual Rianxo 2021 supón a aceptación destas normas.

REQUISITOS

1. O **Entroido Virtual Rianxeiro 2021** consiste en difundir nas redes sociais os vosos disfraces, que podedes acompañar dunha escenografía relacionada: cantando, bailando, representando unha escena, decorando a casa... todo o que se vos ocorra, ben de xeito individual ou xunto coa vosa familia ou persoas conviventes. Tamén coas vosas amizades non conviventes sempre que non aparezaades no vídeo de forma conxunta.
2. O tema, confección, elementos, materiais, etc., dos disfraces son totalmente libres.
3. As redes sociais nas que podes participar son: Facebook, Instagram, TikTok, Twitter e Youtube.

QUEN PODE PARTICIPAR

4. Podedes participar neste sorteo persoas ou grupos de persoas conviventes que residades ou esteades empadroadas en Rianxo.
5. As persoas menores de idade deberedes contar cunha autorización do voso pai, nai ou persoa titora para poderdes participar no Entroido Virtual e no sorteo de agasallos.
6. Consideraranse tres categorías:
 - Grupos familiares (persoas conviventes de canda menos dúas xeracións diferentes)
 - Grupos virtuais (varias persoas non conviventes que aparecen de forma non conxunta no mesmo vídeo)
 - Individual (aínda que podedes aparecer varios irmáns conviventes)



COMO PARTICIPAR

7. Publica na túa rede social preferida (Facebook, Instagram, TikTok, Twitter e Youtube) o teu vídeo curto (máximo 1 minuto) ou foto incluíndo o cancelo **#entroidorianxeiro2021**
8. Se queres que a túa publicación participe nos sorteos de agasallos, deberás **facelo visible de forma pública** e ademais enviarnos unha autorización asinada (anexo I) e unha ligazón ou unha captura da publicación a:
 - o correo electrónico **entroido@concelloderianxo.gal**
 - o número de Telegram, Signal ou WhatsApp **667 185 577**
9. Tras o envío da autorización, recibirás polo mesmo medio, nun prazo de 24 h, un número para participar nos sorteos.
10. Ao formalizar a inscrición, autorizas ao Concello a “rebotala” nas súas redes sociais e a incluíla en vídeos recompilatorios que tamén poderán ser difundidos. Os vídeos e as imaxes serán rebotados segundo as capacidades de cada rede social, da seguinte maneira, sen prexuízo de que se podan publicar noutras diferentes á orixinal:
 - Facebook: historias de Facebook
 - Instagram: historias de Instagram
 - Twitter: fleets
 - TikTok: historias de Instagram
 - Youtube: listaxe de reprodución pública

PRAZO DE PARTICIPACIÓN

11. O Entroido Virtual Rianxeiro 2021 terá lugar desde o **venres 12** ao **domingo 21** de febreiro (domingo de piñata) de 2021.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

12. As publicacións onde participen menores deberán ser autorizadas polas persoas proxenitoras ou titoras legais (anexo I).
13. As publicacións que a xuízo da organización se considere que conteñan elementos, temáticas ou contidos abusivos, obscenos, violentos, racistas, sexista, ameazantes ou que vulneren calquera dereito fundamental das persoas serán excluídas e ademais poderán ser denunciadas segundo os mecanismos das propias redes sociais nas que foron publicadas.
14. Dado que é un evento dirixido a todos os públicos, incluídos o infantil e familiar, esíxese a adecuación das publicacións a este tipo de público, polo que se debe evitar o uso de linguaxe inapropiada.
15. Dadas as condicións sanitarias vixentes, débense respectar todas as restricións á mobilidade e ás reunións aplicables actualmente nos vídeos que entren no sorteo. Isto



aplicarase tamén a aquelas publicacións que se envíen posteriormente se se producise un cambio nestas, para garantir a igualdade de condicións a todas as participantes.

16. As publicacións baixo o cancelo **#entroidorianxeiro2021** que non cumpran calquera das condicións anteriormente expostas, poderán ser denunciadas seguindo os mecanismos que ofrece cada unha das redes sociais para seren retiradas.

SORTEOS


17. Todos os vídeos e fotografías participantes que deseen a súa autorización e que cumpran coas normas establecidas entrarán no sorteo de agasallos, conforme ás seguintes categorías :

- INDIVIDUAL ata 6 anos (6 lotes de entroido por un importe de 30 € cada un)
- INDIVIDUAL ata 12 anos (6 lotes de entroido por un importe de 30 € cada un)
- INDIVIDUAL ata 16 anos (4 lotes de entroido por un importe de 40 € cada un)
- INDIVIDUAL a partir de 17 anos (4 vales gastronómicos por importe de 40 € cada un para consumir nun establecemento hostaleiro local que ti elixas)
- FAMILIAS (5 vales regalo por importe de 100 € cada un para gastar no comercio local que ti elixas)
- GRUPOS VIRTUAIS (3 vales regalo por importe de 100 € cada un a gastar no comercio local que ti elixas)

18. O sorteo realizarase o día **23 de febreiro** e será emitido en directo pola canle de YouTube do Concello de Rianxo.

19. As persoas gañadoras serán contactadas para definir a forma da que recibirán os seus agasallos.

20. A participación no **Entroido Virtual Rianxo 2021** supón a aceptación destas normas.



REDES SOCIAIS DO CONCELLO DE RIANXO

- Facebook: <https://www.facebook.com/concelloderianxo>
- Instagram: <https://www.instagram.com/concelloderianxo/>
- TikTok: <https://www.tiktok.com/@concelloderianxo>
- Twitter: <https://twitter.com/concellorianxo>
- Youtube: <https://www.youtube.com/c/ConcellodeRianxoTV>